



COMUNICADO

Debido á evolución da pandemia COVID-19 nas áreas sanitarias da Coruña e Cee, e asemade ao publicado no DOG número 158-Bis do venres 7 de agosto de 2020, acordouse suspender o Open Autonómico de Corcheo Mar Dúos previsto para o 22 de agosto no dique Barrié do porto da Coruña.

Estas novas circunstancias fan que teñamos que extremar a prudencia. Sabemos que os nosos deportistas asumen e respectan tódalas restricións que temos que cumprir. Non obstante, ao ser o escenario un lugar moi concorrido por veciños e visitantes da cidade da Coruña, podería resultar difícil cumprir coas novas medidas sanitarias esixidas polas autoridades.

Coma sempre a nosa prioridade son a seguridade e a integridade física dos nosos deportistas e membros da organización. Lamentamos profundamente as molestias ocasionadas.

Vimianzo a 9 de agosto de 2020

A Xunta Directiva

